



Guía Docente

Datos Identificativos					2016/17
Asignatura (*)	Estrutura e cambio social de Galicia		Código	615G01412	
Titulación					
Descritores					
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos	
Grao	1º cuatrimestre	Cuarto	Optativa	4.5	
Idioma	CastelánGalego				
Modalidade docente	Presencial				
Prerrequisitos					
Departamento	Socioloxía e Ciencia Política da Administración				
Coordinación	Lopez Rey, Jose	Correo electrónico	jose.lopez.rey@udc.es		
Profesorado	Lopez Rey, Jose	Correo electrónico	jose.lopez.rey@udc.es		
Web	www.sociologia.udc.gal				
Descrición xeral	O/a estudante, chegado/a a 4º curso, ten traballado dabondo moitos dos elementos que constitúen os contidos propios dunha "Estrutura e cambio social de Galicia". Porén, cómpre que sexa quen de responder a preguntas sinxelas que, pola contra, requiren dunha resposta traballada se quere fuxir dos tópicos e lugares comúns que adoitan a aparecer cando se fala de como é social, cultural, económica, histórica ou políticamente Galicia. O obxectivo principal desta materia é, por tanto, que o/a estudante saiba desenvolver unha metodoloxía de traballo que integre moitas das competencias e coñecementos xa aprendidos noutras materias, nun marco conceptual axeitado á realidade sociolóxica de Galicia.				

Competencias do título

Código	Competencias do título

Resultados da aprendizaxe

Resultados de aprendizaxe	Competencias do título		
Coñecer a estrutura social de Galicia, discernindo entre o que son os tópicos e mitos contruídos sobre ela da realidade material e cultural.	A2 A3 A8	B3 B5 B13	C4
Desenvolver unha metodoloxía de traballo que lle proporcione a información necesaria para acadar respostas rigorosas a preguntas concretas	A15 A17	B3 B5 B13 B21	C4
Expoñer ante un público crítico ideas complexas apoiándose en ferramentas tecnolóxicas axeitadas	A8	B3 B5 B6 B13	

Contidos

Temas	Subtemas
Bloque 1. Cuestións teóricas	Língua. Familia. Relixión. Identidade. Sociedade da información. Traballo. Economía. Élités. Política e participación. Capital social. Felicidade, benestar subxectivo e satisfacción. Tópicos e mitos.
Bloque 2. Cuestións prácticas	Pregunta de traballo inicial que se desenvolverá, sobre un dos subtemas anteriores, ao longo da meridande parte do curso. A parte final destinaráse á exposición deste traballo.

Planificación

--



Metodoloxías / probas	Competencias	Horas presenciais	Horas non presenciais / traballo autónomo	Horas totais
Actividades iniciais	A1 A3 A8	2	0	2
Lecturas	A2 A1 A3 A8 B3 B5 B13 C4	4	20	24
Seminario	A1 A8 A17 B3 B5 B6 B13	6	24	30
Solución de problemas	A15 A17 B6 B13 B21	12	31	43
Presentación oral	B3 B5 B6 B13	4	6	10
Atención personalizada		3.5	0	3.5

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Actividades iniciais	O curso comeza cunha exposición dos temas que compoñen o temario e coa asignación/elección dunha pregunta de traballo para cada estudante. Nesa mesma actividade inicial terase que dar resposta e será un primeiro punto de partida para a metodoloxía "Solución de problemas";
Lecturas	O/a estudante terá que manexar unicamente 4 lecturas (como mínimo, como máximo poderá empregar as que desexa) curtas e sinxelas ao longo do curso. Unha delas (a elixir pola/o estudante segundo sexa a súa pregunta inicial) traballaránse en "Solución de problemas";. As outras formarán parte do "Seminario";
Seminario	Consiste na posta en común e debate das lecturas comúns, e na exposición de cada un dos textos particulares.
Solución de problemas	Cada pregunta de traballo implica afondar nun tema determinado (identidade, lingua, participación política, etc.). Por exemplo: "Estáse a diluir a identidade galega na española?"; ou "Como está inserida Galicia na sociedade da información?"; ou "Son os/as galegas/os conservadores políticamente falando?";. En función da pregunta, requirirase un tipo concreto de información, quer de carácter cuantitativa, quer cualitativa, que o/a estudante terá que acadar para achegar a súa resposta. O traballo de acadar e analizar esta información será unha parte importante do curso.
Presentación oral	Serán dúas presentacións orais. Unha, a correspondente á lectura particular (capítulo dun libro) que desenvolve cada un dos subtemas. A segunda, a final de curso, cando o/a estudante expoña ante os demais a resposta á súa pregunta de traballo.

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descrición
Solución de problemas	Esta metodoloxía require do asesoramento particular do profesor para resolver as dúbidas que poidan xurdir nas distintas fases do proceso de traballo

Avaliación			
Metodoloxías	Competencias	Descrición	Cualificación
Actividades iniciais	A1 A3 A8	Consiste na primeira formulación da resposta á pregunta de traballo que se plantexa o primeiro día de clase. Lóxicamente, o importante non é que a resposta sexa ou non correcta, senón valorar a asistencia e a participación desde o comezo	5
Lecturas	A2 A1 A3 A8 B3 B5 B13 C4	A comprensión das lecturas, a capacidade de síntese, a análise crítica, a súa aplicación a casos concretos, etc., será o que se valore. Todo isto poñeráse de manifesto ao longo do seminario e nas exposicións orais (tanto da propia lectura particular como da solución do problema).	25



Solución de problemas	A15 A17 B6 B13 B21	A diversidade de fontes (se for o caso), que estas sexan as axeitadas, do tipo de información, o traballo de elección dos indicadores necesarios, etc. para dar resposta cumprida á pregunta de traballo, será o que se teña en conta para avaliar esta metodoloxía.	40
Presentación oral	B3 B5 B6 B13	Valorarase a calidade da exposición (xa sexa da lectura, xa a da solución ao problema), o fío argumental, o apoio dos datos, o emprego axeitado de materiais audiovisuais, etc.	15
Seminario	A1 A8 A17 B3 B5 B6 B13	A participación no seminario aportando ideas, suxerindo, plantexando, criticando ou debatindo é unha parte salientable da calificación final	15

Observacións avaliación

A materia está deseñada para que calquera estudante cunha asistencia e participación normal nas aulas e cun mínimo de traballo continuado poda superala na primeira oportunidade sen problemas. Se for o caso dalgún/ha estudante que non superara a materia en primeira oportunidade, só terá que presentarse á segunda cos elementos suspensos. Esta asignatura está plantexada para ser cursada presencial e participativamente. Porén, se hai quen por razóns xustas non puidera asistir ao 70% das aulas, debe plantexalo ao comezo do curso para establecer mecanismos de avaliación alternativos. Pero se non fose así, é dicir, se aparece algún/ha marciano/a a final de curso ou mesmo a mediados plantexando que non puido asistir á meirande parte das clases, entenderase que non cumpre os elementos de traballo necesarios para seren avaliados/as e necesariamente suspenderá a primeira oportunidade, tendo que presentarse á segunda oportunidade de xullo estudando todos os textos que compoñen a materia.

Para o alumnado con recoñecemento de adicación a tempo parcial e dispensa académica de exención de asistencia, acordarase ao inicio do curso un calendario específico de titorías compatible coa súa adicación. ?En caso de non acordarensen uns elementos de avaliación particulares para os/as estudantes a tempo parcial, na primeira e segunda oportunidade os criterios de avaliación rexiranse dacordo a modalidade de avaliación non continua.

Fontes de información

Bibliografía básica	<ul style="list-style-type: none"> - DUBERT GARCÍA, Isidro (2016). Historia das historias de Galicia. Vigo: Xerais - FREIXANES, Víctor (Coord.) (2002). Galicia. Unha luz no Atlántico. Vigo: Edicións Xerais - LAMAS, Santiago (2004). Galicia borrosa. Sada (A Coruña): Edicións do Castro - MURADO, Miguel-Anxo (2008). Outra idea de Galicia. Barcelona: Random House Mondadori - OTERO PEDRAYO, Ramón (1982). Ensaio Histórico sobre a Cultura Galega. Vigo: Editorial Galaxia - PRECEDO LEDO, Andrés (1988). Geografía humana de Galicia. Vilassar de Mar (Barcelona): Oikos-Tau - VÁZQUEZ FERNÁNDEZ, Xosé Gabriel (2009). Análise da sociedade galega. León: Orbígraf - VÁZQUEZ FERNÁNDEZ, Xosé Gabriel (2011). Perfil y Tipologías Sociales de Galicia. Madrid: Editorial Académica Española - VEIRA VEIRA, José Luis (dir.) (2007). Las actitudes y los valores sociales en Galicia. Madrid: CIS - VEIRA VEIRA, José Luis (coord) (2010). La evolución de los valores sociales en Galicia. A Coruña: Netbiblo - VILLARES, Ramón (2000). Historia, con algo de prospectiva. Vigo: Ir Indo Edicións <p>Malia que a bibliografía "básica" é ampla dabondo, o/a estudante non terá que manexala toda. Nen moito menos. Si deberá: 1) Manexar con soltura un capítulo dun libro (dependendo da súa pregunta de traballo será un ou outro) para a súa exposición na aula e contextualizar ben a información que necesita para dar resposta á súa pregunta de traballo inicial. 2) Leer a obra citada de Miguel Murado 3) Leer un (ou dous) capítulos do libro citado de Isidro Dusbert.</p>
----------------------------	---



Bibliografía complementaria	<p>- CONSELLO ECONÓMICO E SOCIAL DE GALICIA (Anual). Memoria sobre a situación económica e social de Galicia. Xunta de Galicia</p> <p>- I.G.E. (Instituto Galego de Estatística) (Anual). Galicia en cifras. Xunta de Galicia</p> <p>- FERNÁNDEZ DE ROTA, José Antonio (1987). Gallegos ante un espejo: Imaginación Antropológica en la Historia. A Coruña: Edicións do Castro</p> <p>- KERBO, H. R. (1998). Estratificación social y desigualdad. El conflicto de clases en perspectivas histórica y comparada. Madrid: McGraw-Hill</p> <p>- LISÓN TOLOSANA, Carmelo (1974). Perfiles simbólico-morales de la cultura gallega. Madrid: Akal</p> <p>- SANGRADOR, José Luis (1994). Identidades, actitudes y estereotipos en la España de las autonomías. Madrid: CIS</p> <p>- SERRANO CAMBÓN, Francisco Luis (2006). Cronología inédita de Galicia. En: http://perso.wanadoo.es/cambon/</p> <p>- VÁZQUEZ FERNÁNDEZ, Xosé Gabriel (2003). Galicia: Nunca Máis (cada 500 años). Barcelona: AEDEMO</p> <p>- VV. AA. (C. LAMELA, O. TABOADELA, X. G. VÁZQUEZ) (2003). El País de Nunca Máis y Más que Nunca. A Coruña: Fundación Santiago Rey Fernández-Latorre</p> <p>- VV.AA. (SABUCEDO;KLANDERMANS;RODRÍGUEZ;FERNÁNDEZ) (2000). Identidad social, valoración política y movilización colectiva en un contexto supranacional. Madrid: Fundación Infancia y Aprendizaje</p> <p>Para coñecer máis: - ALONSO MONTERO, Xesús: Encuesta mundial sobre la lengua y la cultura gallegas. Alvarellos Editora. Santiago de Compostela. 2008 - ÁLVAREZ SOUSA, Antón (Coordinador): Realidade social galega. Ir Indo Edicións. Vigo. 2000. - ATLAS SOCIOECONÓMICO DE GALICIA CAIXANOVA. Edita Instituto Sondaxe. A Coruña. Anos 2005, 2006, 2007, 2008 e 2009. - BARREIRO RIVAS, Xosé Luis: A Galicia do 2020, en ?Galicia 2020?. Ir Indo Edicións. Vigo. 2000. - C.I.S. (Centro de Investigaciones Sociológicas): Identidades, actitudes y estereotipos en la España de las Autonomías. Estudio nº 2.123. Madrid. 1994. - CONSELLO GALEGO DE RELACIÓNS LABORAIS: Memoria do Consello Galego de Relacións Laborais, Consello Galego de Relacións Laborais. - FERNÁNDEZ DE ROTA, José Antonio: Antropología de un viejo paisaje gallego. C.I.S. Siglo XXI Editores. Madrid. 1984. - GABINET D'ESTUDIS SOCIALS: Informe sobre a pobreza en Galicia, Santiago de Compostela, Xunta de Galicia, 1995. - GARCÍA DOCAMPO, M. (2000): El concepto y la medida de las desigualdades sociales. A Coruña: Servicio de Publicación da Universidade da Coruña. - GONDAR PORTASANY, Marcial: Entre o si e o non: retrato antropológico de nós, en ?Galicia. Unha Luz no Atlántico?, Edicións Xerais. Vigo. 2002. - HERNÁNDEZ DE FRUTOS, T. (1997): Para comprender las estructuras sociales; Pamplona: Verbo Divino. - LAMAS ALONSO, L., (Asesor): A poboación de Galicia. Proxeccións, Santiago de Compostela, Xunta de Galicia, 1987. - MARTÍNEZ, R. (1999): Estructura social y estratificación. Reflexiones sobre las desigualdades sociales; Madrid: Miño y Dávila editores. - MUÑIZ DE LAS CUEVAS, R.: O pobo oculto. Pobreza e acción social en Galicia, Vigo, Edicións A Nosa Terra, 1996. - PENSADO, José Luis: Galicia en su lengua y sus gentes. Biblioteca Gallega. A Coruña. 1991. - PINTOS DE CEA, Juan Luis: Análisis y descripción de los hábitos culturales de los gallegos. Xunta de Galicia. - SACO ÁLVAREZ, A. (2006): Sociología aplicada al cambio social. Santiago. Tórculo. -TARRÍO FERNÁNDEZ, José Antonio: Cultura, educación e tradicións populares en Galicia. Edicións do Castro. Sada (A Coruña). 1989. - TEZANOS, J. F. (1988): ?La estratificación social: Desigualdad y jerarquización? en S. del Campo, Tratado de Sociología, Madrid, Taurus (1992), pp. 287-318. - TEZANOS, J. F. (1988): ?Principales teorías sobre estratificación social?, en S. del Campo, Tratado de Sociología, Madrid: Taurus, pp. 319-365. - VÁZQUEZ FERNÁNDEZ, Xosé Gabriel: El suicidio en Galicia. En Libro de Ponencias do 1º Congreso Astur-Galaico de Socioloxía. Santiago de Compostela. 1993. - VÁZQUEZ FERNÁNDEZ, Xosé Gabriel: La historia de la demoscopia en Galicia. En ?Realidade social de Galicia?. Ir Indo Edicións. Vigo. 2000. - VILAS NOGUEIRA, Xosé: Competitivos, xerárquicos e igualitaristas en Galicia: prosopografía. Revista de Estudos Políticos. nº 103. Madrid. 1999 - VILLARES, Ramón: Sobre a identidade histórica de Galicia, en; "Galicia. Unha Luz no Atlántico?. Edicións Xerais. Vigo. 2002 - V.V. AA. (VICENTI, ROVIRA, TENORIO): Aldeas, Aldeanos y Labriegos en la Galicia Tradicional. Instituto de Estudios Agrarios, Pesqueros y Alimentarios. Madrid. 1984.</p>
------------------------------------	---

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente



Hª política e social contemporánea/615G01109

Estrutura e cambio social/615G01208

Socioloxía do traballo/615G01209

Análise demográfica/615G01301

Socioloxía urbana e ordeamento do territorio/615G01306

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Fontes de datos secundarios para o estudo da sociedade/615G01408

Materias que continúan o temario

Observacións

O obxecto de estudo específico da materia de Estutura e cambio social de Galicia asúmese que foi traballado (pode que intensamente nalgunhas das súas dimensións ou apartados) noutras materias. Por eso non se insistirá tanto en que o/a estudante adquira unha serie de contidos concretos (todos os subtemas que compoñen o temario) como en que sexa quen de desenvolver críticamente unha resposta a unha pregunta concreta, que participe activa e colaborativamente na posta en común dos traballos e que obteña unha idea cabal da sociedade complexa na que vive, da súa estrutura e do cambio ocorrido nela.

(*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías